

PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe de Riotorto

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe de Riotorto, está situado no concello de Riotorto, comarca de Meira. Este centro educativo imparte aulas ao alumnado da etapa de Educación Infantil e ao alumnado da etapa de Educación Primaria, sendo un total de 31 nenos e nenas distribuídos en 3 unidades, 1 unidade de educación infantil e dúas unidades de educación primaria. Do total do alumnado, 10 alumnas e alumnos pertencen á etapa de Educación Infantil e 21 á etapa de Educación Primaria.

Este centro educativo conta cun total de 5 mestres/as: especialista en educación infantil, especialista en educación primaria, especialista de música, especialista de inglés e especialista en educación física. Ademais, conta con profesorado itinerante: mestra de relixión acode durante catro sesións semanais e a mestra de Audición e Linguaxe durante 4 sesións semanais tamén. A orientadora compartida co IES Enrique Muruais e co CEIP A Pontenova acode durante unha xornada mensual ao centro educativo. O centro educativo presenta xornada única en horario de 09:15 a 14:15. Conta co servizo de transporte e comedor escolar.

Datos de interese do centro educativo:

- ✓ Denominación oficial: CEIP Plurilingüe de Riotorto
- ✓ Código do centro: 27011287
- ✓ Provincia: Lugo
- ✓ Enderezo: As Rodrigas s/n
- ✓ Código postal: 27744
- ✓ Teléfono: 982870714
- ✓ Enderezo electrónico: ceipriotorto@edu.xunta.es
- ✓ Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipriotorto>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Riotorto é unha vila que conta cuns 1.000 habitantes aproximadamente. Os habitantes de Riotorto (poboación envellecida maioritariamente) distribúense en 7 parroquias: Aldurfe, FerreiraVella, Galegos, Meilán, A Muxoeira, A Órrea e Riotorto. O concello de Riotorto pertence á comarca de Meira, na provincia de Lugo. O nivel socio-económico é medio-baixo. A maior parte da poboación activa está dedicase a labores agropecuarias, sendo unha zona potencialmente rica nos aspectos agrícolas e gandeiros. A falta de asesoramento e orientación fai que as novas xeracións emigren en busca doutros traballos. A restante parte da poboación traballan na construción.

Riotorto ten unha contorna rica en recursos naturais e en recursos histórico-artísticos. O patrimonio paisaxístico, histórico e etnográfico é de primeira magnitude, o que propicia certas actividades culturais protagonizadas por diversas asociacións culturais e de veciños. En relación ao contexto cultural, dende o concello promóvense, ao longo de todo o ano, diferentes actividades dinamizadoras e culturais tanto para os nenos e nenas como para a poboación adulta. Así mesmo, o concello dispón dunha “Casa da cultura”, contando con Biblioteca e outros espazos de lecer.

Coa elaboración deste Plan Dixital de centro pretende acadarse un enriquecemento do Proxecto Educativo de centro. No PE concrétese a importancia que ten favorecer o desenvolvemento das competencias educativas no alumnado, sendo un aspecto fundamental no currículo e sendo tamén a competencia dixital unha das principais competencias a acadar. Con este PD tamén se pretende concretar todas aquelas accións relacionadas con aspectos común ás novas tecnoloxías na Programación Xeral Anual do vindeiro curso 2022-2023, para poder proporcionar unha maior importancia aos aspectos dixitais no centro.

Para poder levar a cabo a creación deste PD, profesorado deste centro participou no PFPP que nos axudou a analizar a situación actual a nivel dixital neste centro e para poder adquirir paulatinamente máis coñecementos ao respecto.

Con este Plan Dixital, preténdese favorecer no alumnado o dominio e coñecemento das novas tecnoloxías, fomentando un uso responsable das mesmas. Non nos podemos esquecer que as novas tecnoloxías cobran cada día máis forza e que forman parte da vida dos nenos e nenas polo que nas aulas tamén deben ter un papel importante. Non obstante, cabe destacar que a contorna na que se desenvolve este PD é rural, polo que o acceso e a o emprego das novas tecnoloxías é reducido. A maior parte do alumnado non conta con dispositivos tecnolóxicos e non se proporciona importancia aos aspectos dixitais. Non obstante, o IES adscrito a este

centro é o IES Enrique Muruais de A Pontenova e emprega EDIXGAL, polo que o alumnado deste colexio debería acceder á etapa secundaria cunha mellor base dixital.

1.3. Breve xustificación do mesmo

É fundamental concretar a contextualización da normativa vixente en relación ao propio Plan Dixital, polo que se citan os seguintes referentes lexistativos:

- *Art. III bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación: “Tecnoloxías de la Información y la Comunicación”*

Neste artigo concrétase o establecemento de contornas virtuales de aprendizaxe a empregar nos centros educativos docentes sostidos con fondos públicos, facilitando a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para acadar obxectivos concretos do currículo. Especificase que o Ministerio de Educación e Formación Profesional impulsará a compatibilidade de formatos que podan constituír ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe no ámbito de contidos educativos dixitais públicos.

Seguindo o establecido neste artigo, os equipos directivos dos centros deben promover o emprego das TIC na aula como medio didáctico de aprendizaxe. As administracións educativas deberán establecer condicións que promovan a viabilidade do uso seguro das novas tecnoloxías. O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará os marcos de referencia da competencia dixital. Ademais, as TIC deben axustarse á normativa reguladora de servizos e sociedade da información e dos dereitos da propiedade intelectual.

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

Os centros docentes deben elaborar no curso 2021-2022 o seu plan dixital coas instrucións que se diten.

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*

Os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

Na presente resolución establécese que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia, o que require dun proceso de mellora das competencias por parte dos membros da comunidade que se recollerán nun Plan Dixital de Centro. Establécese como obxectivos do PD os seguintes:

- Facilitar a integración e desenvolvemento das tecnoloxías dixitais.
- Promover o uso de ferramentas de avaliación e diagnose nos centros educativos responsables da competencia dixital.
- Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa.
- Definir o equipo responsable da dinamización do Plan Dixital.

Concrétanse tamén as fases de elaboración do PD e as funcións dos membros do equipo de dinamización do PD.

1.4. Proceso de elaboración

A propia elaboración do Plan Dixital levouse a cabo no Equipo de Dinamización do Plan Dixital, estreitamente relacionado co PFPP “Integración das Tecnoloxías a través do Plan Dixital de Centro”. O proceso de deseño e elaboración do presente Plan, tivo como punto de partida os pasos realizados no propio PFPP, coa realización da enquisa SELFIE e o TEST CDD e a valoración e reflexión dos resultados e do correspondente análise DAFO. A información obtida destes documentos é a base pola que se sustenta o propio Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

En relación ás infraestruturas dixitais do centro, cabe ter en conta que cada aula dispón dun portátil ou ordenador de mesa. Na sala de mestres hai dous ordenadores e no despacho de dirección un ordenador. Así mesmo cóntase tan só en 3 aulas con proxector e con pizarra dixital, polo que as aulas do alumnado de 1º, 2º e 3º e educación infantil non contan con videoproxector nin con pizarra dixital, o que limita o emprego de recursos dixitais.

O centro comprou recentemente 3 tabletas, dúas das cales foron proporcionadas pola ANPA do centro educativo. Actualmente gárdanse no despacho de dirección por non dispor de mobiliario seguro para gardar as tabletas nas aulas.

No colexio hai 2 fotocopiadoras, unha delas funciona vía Wifi. As conexións da maioría dos equipos informáticos son por cable, podendo tamén acceder a rede sen necesidade de fíos. A conexión á rede adoita ser boa, cunha velocidade adecuada, sen embargo algúns equipos teñen fallos informáticos que dificultan o seu uso no día a día. No centro non se conta cunha aula específica de informática. Na biblioteca atópase un proxector cunha pantalla e na sala de usos múltiples una pizarra dixital.

Como servizos dixitais de comunicación coa comunidade educativa, no centro emprégase a plataforma de EspazoAbalar así como a propia páxina web do centro. Así mesmo, o colexio dispón de páxina de Facebook, na que tamén se informa ás familias do alumnado dos cambios e novidades que van sucedendo compartindo os enlaces da páxina web. O centro conta tamén cunha canle de Youtube e con aula virtula, mais esta última só se empregou durante o tempo de pandemia, e durante este curso en ocasións moi concretas.

En relación á xestión do mantemento dos equipos informáticos, realízanse as actualizacións periódicas que corresponden e ante avarías e fallos nos equipos, desprázase ao propio colexio persoal da UAC para poñerlle solución.

O centro educativo participa no Plan Proxecta+ (Pasaporte Solidario) así como no programa “Alimentos da Biosfera” do GDR Terra Chá.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	1.6

	Profesorado	2,5
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2,6
	Alumnado	2
	Equipo Direct.	1,6
C- Infraestruturas e Equipos	Profesorado	2,2
	Alumnado	3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2,8
	Alumnado	
	Equipo Direct.	3
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Profesorado	3,2
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,2
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3
	Equipo Direct.	2,5
G- Prácticas de avaliación	Profesorado	2,4
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,8
	Profesorado	2,3
	Alumnado	3,2

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>25%</u>
PROVISIONAL	<u>3</u>	<u>3</u>	75%
INTERINO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
58,3	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	<u>68</u>	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
EP	58,3	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	2	66,7%
B1	1	33,3%
B2		
C1		
C2		

TOTAL	3	100%
--------------	---	------

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Contamos cun plan para axudar aos docentes a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes a súa orixe socioeconómica (C12).	O noso centro non conta con dispositivos portátiles propios que o alumnado pode levar para a casa cando o precise. (C10)
	PERSONAL DOCENTE	Os docentes do centro temos acceso a posibilidades de CPD en relación co ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais (D2). Intercambiamos experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais (D3). O equipo docente do centro busca e crea recursos educativos dixitais na rede (E1- E2)	No noso centro, o profesorado non dispón de tempo para explorar como mellorar o método de ensinanza dixital coas novas tecnoloxías. (A4)
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	O alumnado pode levar os seus propios dispositivos portátiles para empregarlos durante as clases (C13). Entre o alumnado do centro, non se observan necesidades específicas especiais, mais a intencionalidade do	O alumnado non aprende a actuar con seguridade e responsabilidade en Internet, non sendo quen de comprobar se a información que localizan é fiable (H1- H2-H4-H6) O alumnado non aprende a

		claustru indica que se favorecerá o acceso ás tecnoloxías de apoio deste alumnado (C15).	crear contidos dixitais (H7).
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>O centro dispón de servizos educativos corporativos (web, aula virtual, videconferencia, correo electrónico...) para difundir información sobre o centro. (PE1)</p> <p>Promóvese o uso de software libre e a participación en actividades de formación axustándose ás nosas necesidades (PE2-PE3)</p>	No noso centro non temos unha estratexia dixital eficaz (A1)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Contamos con acceso a Internet en todas as aulas para o ensino e a aprendizaxe no noso centro (C3). Queremos empregar as tecnoloxía e somos conscientes dos beneficios do seu emprego para preparar e impartir clases, para o apoio e para a comunicación (SMT 1- SMT2, SMT3, SMT4).</p>	<p>Formación ofrecida pola administración improdutiva por excesiva burocracia e traballo extra que non axudan a formarnos (D1-D2-D3)</p> <p>Carga lectiva elevada sen tempo para formación (D)</p> <p>Moita burocracia e pouco pedagogía (F)</p>

	LEXISLACIÓN		Cambios legislativos constantes (A-D-F-G).
	CONTORNA		Os espazos físicos do centro non facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais (C14). Son moi escasos os dispositivos dixitais para o seu uso na docencia, e os existentes non funcionan correctamente, habendo aulas que non teñen nin proxector nin pizarra dixital (C2).
	ANPA	A maioría das familias empregan as tecnoloxías no fogar para o lecer(UTIC 4- UTIC5-AFC1)	Escaso equipamento dixital no fogar e escaso uso da tecnoloxía no fogar con fins educativos (UTIC1-UTIC2-UTIC3)
	OUTRAS ENTIDADES		Neste centro non se teñen en conta os dereitos de autor e licenzas para empregar as tecnoloxías dixitais nos equipos informáticos. (A5)

3. Plan de Acción

O Plan de Acción que se desenvolve a continuación, deseñouse a partir da análise DAFO realizada; establecendo os obxectivos prioritarios de cara ao vindeiro curso e as accións a realizar para poder cumprilos. Os recursos materiais como punto de partida son os establecidos nas infraestruturas do centro, e os recursos humanos son os docentes do centro na actualidade, sendo un total de 5.

Así mesmo, tendo en conta o Informe Selfie, o TEST CDD e a propia análise DAFO, fórmulanse nas seguintes páxinas os obxectivos SMART a acadar a as accións a desenvolver para poder levarlos a cabo, así como os seus indicadores e os recursos necesarios.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas táboas recóllense os obxectivos establecidos a nivel de centro que se decidiu priorizar para comezar a desenvolver un PD de centro axeitado e adaptado ao contexto.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades establecidas a nivel de centro en relación ao equipamento e ás infraestruturas tecnolóxicas son as seguintes:

- Videoproxectores en todas as aulas para poder proxectar imaxes, películas, actividades...e iniciar ao alumnado no ensino do emprego da aula virtual do centro.
- Pizarras dixitais para poder introducir ao alumnado no emprego de novas tecnoloxías e ensinar a empregar a aula virtual do centro de xeito lúdico, así como poder empregar os materiais que proporcionan os libros dixitais das editoriais.
- Ordenador e impresora que funcione cunha maior velocidade e capacidade para poder realizar a catalogación dos fondos bibliográficos do centro educativo.
- Pizarras brancas para poder proxectar imaxes nela, xa que neste centro aínda se posúen pizarras de xiz en todas as aulas.
 - Aumento de dispositivos tecnolóxicos para poder crear unha aula de informática no centro e que o alumnado dos cursos elevados poda prepararse para cursar a etapa de educación secundaria tendo en conta que empregan

Edixgal

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 1	Actualizar a páxina web do centro e poder darlle unha maior utilidade. (D2*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Un maior emprego da páxina web do centro como vía comunicativa coas familias.					
Valor de partida	Non aplica.					
Valor previsto e data	Mellora da estética da páxina web, maior organización da mesma e mellor comunicación coa comunidade educativa.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar un PFPP para un mellor manexo da páxina web e unha mellor organización.	Dirección	20/12/2022	CFR Lugo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Por en práctica os coñecementos adquiridos no PFPP.	Profesorado	28/02/2022	Profesorado Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Empregar a páxina web do centro como medio fundamental de comunicación coas familias.	Profesorado	31/03/2022	Profesorado Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Apoio e recursos (E)						
OBXECTIVO 2	Promover o emprego da aula virtual do centro (E3*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Maior emprego da aula virtual do centro por parte do profesorado e do alumnado.					
Valor de partida	Non aplica.					
Valor previsto e data	Empregar de forma eficaz a aula virtual do centro.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Matricular ao alumnado no curso correspondente da aula virtual.	Dirección	20/10/2022	Profesorado Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Empregar a aula virtual na clase para poder ensinar ao alumnado un correcto funcionamento da mesma.	Profesorado	31/01/2023	Profesorado Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar actividades e recursos dixitais e subilas á aula virtual do centro..	Profesorado	20/06/2023	Profesorado Dispositivos dixitais Recursos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 3	Catalogar de xeito dixital o material bibliográfico da biblioteca do centro (D2*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC e coordinador/a biblioteca				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Un acceso rápido e eficaz aos libros da biblioteca do centro.					
Valor de partida	Non aplica.					
Valor previsto e data	Un préstamo de libros eficaz, rápido e accesible.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Catalogar o material bibliográfico da biblioteca de xeito dixital no programa Meiga.	Profesorado e coordinador/a da biblioteca	20/05/2023	Profesorado Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Promover o préstamo de libros da biblioteca e realizar o mesmo de xeito dixital.	Profesorado	20/06/2023	Profesorado Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A realización do presente Plan Dixital no curso escolar 2022-2023, require dun proceso de seguimento periódico, polo que será necesario levar a cabo unha avaliación procesual como final:

A avaliación inicial xa foi realizada neste PD analizando as situacións e características fundamentais a nivel de centro e constituír a base que sustente este plan dixital.

- Avaliación procesual: o PD de centro debe avaliarse como mínimo unha vez por trimestre, polo que se realizarán xuntanzas periódicas da equipa de dinamización do Plan Dixital e realizaranse as pertinentes actas destas reunións. Nestas actas recolleranse os obxectivos e accións que se están a desenvolver no marco do Plan Dixital de centro. Se non se está a desenvolver algún dos obxectivos debe concretarse que se aprazarán para vindeiros meses.
- Avaliación final: ao remate do curso analizarase o grao de consecución dos obxectivos establecidos así como as propostas de mellora car aos vindeiros cursos.

5. Difusión do plan

O presente PD será aprobado e avaliado en claustro e consello escolar. Unha vez aprobado o documento, deberá ser difundido entre a comunidade educativo a través da páxina web do centro, sendo este o medio máis accesible para todas as familias. Unha vez publicado enviaranse notificacións a través de Espazo Abalar para informar ás familias de que poden acceder a visualizar este documento de centro e a información será compartida tamén a través do Facebook do centro. A comunidade educativa debe ser coñecedora da elaboración deste PD e da súa implementación durante o vindeiro curso para poder ser partícipes do desenvolvemento dixital do alumnado do centro.